



B

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO,
ALCALDE
DO CONCELLO DE PORTO DO SON
FAI SABER:**

A tódolos posibles interesados que está aberto o prazo para SOLICITAR o “**BONO CONCILIA**”

A

Consiste en axudas económicas de carácter mensual (ata un máximo de 11 meses) para a atención de nenas e nenos de 0 a 3 anos en escolas infantís non sostidas con fondos públicos. A contía estará en función da renda per cápita da unidade familiar.

N

Requisitos das persoas solicitantes:

-Residir na Comunidade Autónoma Galega.

-Ter unha nena ou un neno nacida ou nacido con posterioridade ao 31/12/ 2013

-Non dispoñer doutras axudas para esta finalidade, que superen o custo da praza.

-Estar nalgunha das seguintes circunstancias:

- Ter solicitado praza en escolas infantís sostidas con fondos públicos para o curso 2016/17 e non obtela.
- Obter praza en escolas infantís sostidas con fondos públicos para o curso 2016/17 e, tendo dereito a unha praza, o horario demandado non coincida co de apertura da escola infantil.
- Obter praza en escolas infantís sostidas con fondos públicos para o curso 2016/17 e que se modifiquen considerablemente as condicións en que esta foi concedida.
- Ter obtido axuda do programa Cheque infantil no curso 2015/16 e solicitar para a mesma nena ou neno o abeiro do Bono Concilia
- Residir en concellos onde non existan escolas infantís sostidas con fondos públicos.

D

A persoas interesada en obter máis información ou tramitar as axudas poden dirixirse ás oficinas municipais de Servizos Sociais ou chamar ao teléfono 981.86.74.14.

O

Prazo de presentación: Ata o 30 de maio de 2016

Orde do 20 de abril do 2016 (DOG nº 82 do 29/04/2016)

Porto do Son, 5 de maio do 2016



Ø Alcalde

Asdo) Jose Luis Oujo Pouso